

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Programa Operativo FEMPA 2021-2027:	CCI 2021ES14MFPR001				
Prioridade:	2. Fomentar as actividades sustentables da acuicultura, así como a transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión.				
Obxectivo específico:	2.2 A promoción da comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a transformación destes produtos.				
Tipo de actividade:	2.2.1 Mellora da organización do sector. Plans de produción e comercialización.				
A operación está integrada dentro dunha ITI (ITI azul)			<input type="checkbox"/> Si	<input checked="" type="checkbox"/> Non	
Organismo Intermedio de Gestión:	Comunidade Autónoma de Galicia				
Asunto:	<p>Bases Reguladoras: ORDE do 26 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de diferentes liñas de axudas ás organizacións de produtores do sector pesqueiro e da acuicultura no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027 (códigos de procedemento PE155C e PE155D). (DOG. 193. 07.10.2024)</p> <p>Convocatoria: ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se convocan axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), executados no ano 2024 (código de procedemento PE155C).</p>				
Expediente	PE155C-2025-00005				
Beneficiario/a:	Denominación:	ASOCIACIÓN ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA-OPPNOIA			
	Código:	OPP-95			
	CIF:	G56340458			
Proxecto:	Plan de produción e comercialización de 2024				
Localización:	NOIA				
Importe operación:	Importe Subvencionable	Intensidade da axuda	Artigo aplicado	Subvención	
	215.764,72	62.300,50 €	75%	25.1	46.725,38 €
		129.306,06 €	100%	25.2.c	129.306,06 €
Importe público (porcentaxe de cofinanciación):	FEMPA (70%):	123.222,01 €	TOTAL AXUDA	176.031,44 €	
	CA GALICIA (30%):	52.809,43 €			
Importe privado:	15.575,12 €				
Data inicio proxecto:	01-01-2024	Data remate do proxecto:	31-12-2024		
Límite dos investimentos	Data límite de realización dos investimentos:			31-12-2024	
	Data límite de xustificación dos investimentos			16-10-2025	
Esta resolución/adxudicación supón a aceptación a ser incluído na listaxe pública que se recolle no artigo 49, apartado 3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 xuño de 2021.					



ANTECEDENTES

1. O 03.10.2025 o representante da ASOCIACIÓN ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA-OPPNOIA (95) N.I.F G56340458, presentou unha solicitude de axuda para os gastos derivados da preparación e aplicación do plan de produción e comercialización da anualidade 2024.

2. A Comisión de Valoración, órgano colexiado encargado de valorar os expedientes, reuniuse en sesión do **20.11.2025** e informou favorablemente o proxecto e o **26.11.2025** emitiu proposta favorable en base aos informes técnicos correspondentes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (DOUE 20.12.2013).

2. Regulamento (UE) 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a Política Pesqueira Común, polo que se modifican os Regulamentos (CE) 1954/2003 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derrogan os Regulamentos (CE) 2371/2002 e (CE) 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello. (DOUE 28.12.2013)

3. Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, ás características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos (DOUE 29.07.2014).

4. Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004. (DOUE 13.07.2021).

5. Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño do 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de



Visados (DOUE 30.06.2021).

6. Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola que se aproba o seu regulamento.

7. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25.06.2007).

8. Real Decreto 277/2016, do 14 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura (BOE nº 164, do 08.07.2016).

9. Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador das axudas a organizacións profesionais do sector pesqueiro e acuícola, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro, e as súas bases reguladoras de nivel estatal, e que modifica o Real O Decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos da pesca e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais do sector dos produtos da pesca e da acuicultura (BOE nº 268, do 04.11.2017; corrección de erros en BOE nº 24, do 27.01.2018).

10. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29.01.2009).

11. Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5.11.1999).

12. Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, do 14.07.2006).

13. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

14. Orde do 26 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de diferentes liñas de axudas ás organizacións de produtores do sector pesqueiro e da acuicultura no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027 (códigos de procedemento PE155C e PE155D). (DOG. 193. 07.10.2024)

15. ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se convocan axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), executados no ano 2024 (código de procedemento PE155C).



Tendo en consideración:

- Que o obxecto da solicitude atópase abranguido no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- Que o órgano colexiado de valoración das axudas, a Comisión de Valoración, informou favorablemente o proxecto e emitiu proposta favorable con base nos informes técnicos correspondentes
- Que a Consellería do Mar é competente para resolver o expediente

RESOLVO:

Conceder unha axuda a ASOCIACIÓN ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA-OPPNOIA (95) ao abeiro do Programa Operativo FEMPA 2021-2027 para a realización do proxecto de investimento arriba citado, polo importe de **176.031,44 euros**.

A intensidade da axuda pública concedida en aplicación do establecido no artigo 25 das bases reguladoras ten con carácter xeral un 75%, con con todo existen gastos poderán acadar unha intensidade superior. A desagregación dos distintos gastos subvencionables coa aplicación da intensidade que corresponde a cada un inclúese ao final desta resolución como anexo.

Esta axuda finánciase con cargo a fondos da Unión Europea, a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) (70%) e de fondos propios da Comunidade Autónoma (30%).

A axuda concédese con cargo á aplicación orzamentaria **2025.16.02.723B.780.0** que figura dotada no orzamento da Consellería do Mar.

A concesión da presente axuda económica queda supeditada ao cumprimento por parte do beneficiario das **CONDICIÓN**s e **OBRIGAS** que, a seguir, se relacionan:

1. A aceptación da axuda deberá ser remitida á Consellería do Mar no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación da resolución. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda. A aceptación da axuda supón, por unha parte, a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 de Disposicións Comúns.

2. As xerais que sexan de aplicación, as do Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, as do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro; as da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na parte que non se opoña á Lei e as específicas das Bases Reguladoras (Orde do 26 de



setembro de 2024. DOG. 193 7.10.2024) e da Convocatoria (Orde do 29 de agosto de 2024. DOG. 178 16.09.2025).

3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Colaborar coas distintas autoridades implicadas na xestión e seguimento do FEMPA e achegar e actualizar a información relativa ao proxecto subvencionado solicitada polo Organismo Intermedio de Xestión, entre a que se atopa facilitar e actualizar os datos dos indicadores de resultado relativos ao proxecto subvencionado previstos nos Regulamentos (UE) 2022/79 e 1243/2014 de 20 de novembro de 2014, que deberán ser aportados ao inicio e unha vez executada a operación.

5. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción da data contable do último pagamento, para os efectos de comprobación e control. Cando proceda, deberá dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos esixidos na lexislación aplicable aos beneficiarios. Asemade, deberá conservar os devanditos documentos durante dous anos a partir do 31 de decembro do ano seguinte á presentación das contas por parte da administración nas que se incluíra a súa operación, para o cal informaráselle da devandita data.

6. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable específico en relación con todas as transaccións relacionadas coa subvención, que permita seguir a pista de auditoría.

7. Comunicarlle á Consellería do Mar a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

8. Comunicarlle á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda.

9. Segundo o establecido no apartado 2 art. 11 do Regulamento (UE) 2021/1139, durante os cinco anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, que será a data contable do último pagamento, este non poderá:

a) Ter cometido unha infracción grave segundo o artigo 42 do Regulamento (UE) nº 1005/2008 do Consello, ou ao artigo 90, apartado 1 do Regulamento (UE) nº 1224/2009.

b) Estar involucrado na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na



lista de buques INDNR da Unión contemplada no artigo 40, apartado 3, do Regulamento (UE) nº 1005/2008 ou de buques que enarboren o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo establécese no artigo 33 do devandito Regulamento.

c) Ter cometido algún dos delitos medioambientais establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no caso de que a solicitude de axudas preséntese con arranxo ao artigo 27 do Regulamento (UE) 2021/1139.

O beneficiario deberá seguir cumprindo as condicións contempladas nas letras a) a c), despois de presentar a solicitude e durante todo o período de execución da operación.

10. O beneficiario non poderá neste período de tempo: cesar a actividade produtiva; relocalizar a actividade produtiva fóra de Galicia; cambiar a propiedade da infraestrutura ou dun elemento de infraestrutura de forma que proporcione unha vantaxe indebida e sen autorización expresa do órgano concedente, nin realizar cambios substanciais que afecten á natureza, os obxectivos ou as condicións de execución da operación, de modo que se menoscaben os seus obxectivos orixinais.

A Consellería do Mar, solicitará o reintegro da axuda de forma proporcional ao período durante o cal se incumpriran os requisitos.

Este órgano xestor ten como un dos obxectivos a xeración de accións contra o fraude que inclúe prevención, detección, corrección e persecución. Estas accións están a súa disposición no portal do FEMPA da Consellería do Mar. Neste ámbito contra o fraude actuarase en coordinación coa autoridade de xestión, co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude así como o resto das autoridades do FEMPA e outras administracións e organismos.

Calquera feito que puidera ser constitutivo de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñerse en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude na Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través do canal habilitado ao efecto por dito servizo na dirección web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, que se pode consultar na dirección web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro do Mar, no prazo de un (1) mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano competente desta orde xurisdiccional no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos os dous casos, a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Mediante este documento notifícase á ASOCIACIÓN ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES



PESQUEIROS DE NOIA-OPPNOIA 95 (G56340458) a presente resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015) .

Santiago de Compostela,

A conselleira

P.D. Orde 29 de agosto de 2025 (DOG nº 178, do 16 de setembro de 2025)

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Cándido Rial Rodríguez



ANEXO I. CADRO DE DATOS PE155C-2025-00005

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
Praza de Europa 5A - 4º - 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 63 47 – dxpait.mar@xunta.gal



ANEXO II. MOTIVOS DAS MINORACIÓNS. PE155C-2025-00005

